

3. A autoridade requirente, á vista das informacións recibidas, poderá pedir que se continúe o proceso de cobro.

Esta petición deberá facerse por escrito no prazo de dous meses, contados a partir da data de recepción dos resultados obtidos, e tramitarase segundo o establecido para a petición inicial.

Artigo 28. *Información noutros supostos.*

En caso de que a petición de cobro quedase sen efecto como consecuencia do pagamento ou anulación do crédito ou por calquera outra razón, a autoridade requirente comunicarllo, no prazo máis breve posible e por escrito, ó Departamento de Recadación, como autoridade requirida, e este ordenará a finalización do procedemento de cobro.

Artigo 29. *Modificación da contía do crédito.*

1. Cando a contía do crédito resulte modificada, ben por diminución, ben por aumento do crédito, a autoridade requirente comunicarllo no prazo máis breve posible ó Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida.

2. Para o cálculo do montante modificado da débeda, aplicarase o tipo de cambio utilizado na petición inicial.

Artigo 30. *Transferencia á autoridade requirente.*

1. A cantidade cobrada ó debedor transferiráselle á autoridade requirente en euros, retendo todo custo que se ocasione relacionado co cobro, conforme as disposicións aplicables ós créditos mencionados. A transferencia deberá efectuarse no prazo dun mes a partir da data en que se efectuase o cobro.

2. Os Estados membros renunciarán reciprocamente a calquera devolución dos gastos que resulten da petición de cobro.

3. Nos casos en que os cobros presenten un problema específico, o importe dos gastos sexa importante ou estean relacionados coa loita contra a delincuencia organizada, as autoridades requirentes e requiridas poderán acordar modalidades de reembolso específicas con respecto ós casos de que se trate.

4. O Estado membro onde teña a súa sede a autoridade requirente será responsable das consecuencias pecuniarias de accións que se consideren inxustificadas en canto á realidade do crédito ou a validez do título remitido.

SECCIÓN 2.^a PETICIÓN DE COBRO FORMULADA POLO DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA Á AUTORIDADE HABILITADA DOUTRO ESTADO MEMBRO

Artigo 31. *Inicio das actuacións.*

1. Cando na delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria existan títulos executivos que non se puidesen realizar total ou parcialmente, e se teña constancia de que o titular reside ou posúe bens no territorio dun Estado membro, remitiráselle estes títulos ó Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirente, para a súa oportuna tramitación.

2. O Departamento de Recadación, logo de comprobación de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 21 anterior, poderá solicitar das autoridades habilitadas doutro Estado membro a recadación dos créditos nados en territorio español.

Artigo 32. *Requisitos da petición.*

1. A petición de cobro farase por escrito, e deberá ir acompañada do título executivo ou dunha copia certificada deste.

Conterá, ademais, unha declaración na que se fará constar que se cumpriron os requisitos mencionados no artigo 21 anterior.

Así mesmo, deberá conter unha declaración do órgano competente indicándolle a data de notificación ó destinatario da débeda en período voluntario e a data a partir da cal e o prazo durante o cal é posible a execución consonte a lexislación española.

2. O importe dos créditos que se deban cobrar figurará na moeda do Estado membro onde a autoridade requirida teña a súa sede e en moeda nacional.

O tipo de cambio será o cambio oficial en España na data da petición de cobro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1068/1988, do 16 de setembro, polo que se desenvolven determinadas directivas comunitarias sobre asistencia mutua en materia de recadación.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Facenda para dictar, no ámbito das súas competencias, as normas que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15766 REAL DECRETO 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español. («BOE» 185, do 3-8-2002.)

Como unha das medidas para conseguir os obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto e co obxecto de reducir as emisións de CO₂ producidas polos turismos e potencia-lo aforro de enerxía, dado que a información desempeña un papel fundamental no comportamento das forzas de mercado e coa finalidade de achegar unha información precisa, pertinente e comparable sobre o consumo de combustible e emisións de CO₂ que inflúa na decisión do consumidor a favor dos automóviles que consuman menos combustible e polo tanto emitan menos CO₂, impulsando deste modo os fabricantes a face-lo necesario para reduci-lo seu consumo, o Parlamento Europeo e o Consello aprobaron como política ambiental, ó abeiro do artigo 175.1 do Tratado da Comunidade Europea, a Directiva 1999/94/CE, do 13 de

decembro, relativa á información sobre o consumo de combustible e sobre as emisións de CO₂ facilitada ó consumidor ó comercializar turismos novos, sen prexuízo da súa aplicación ós vehículos de segunda man cando a Comunidade Europea revise, por primeira vez, a citada Directiva.

A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, establece no seu artigo 2.1 como dereitos básicos dos consumidores e usuarios a protección dos seus lexítimos intereses económicos, así como a información correcta sobre os diferentes servizos, para facilita-lo coñecemento sobre o seu adecuado uso e disfrute.

O referido dereito á información dos consumidores e usuarios foi desenvolvido na nosa lexislación mediante diversas disposicións, entre outras, o Real decreto 1468/1988, do 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos industriais destinados á súa venda directa ós consumidores e usuarios.

Este real decreto procede, en consecuencia, á incorporación da referida Directiva ó ordenamento xurídico interno.

A adaptación do dereito interno español ás directivas que se citan no artigo 2 desta norma levouse a cabo mediante o Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se regulan as normas para aplicación de directivas comunitarias relativas á homologación de tipos de vehículos, remolques, semirremolques e as súas partes e pezas. Os anexos I e II deste real decreto foron actualizados mediante Orde ministerial do 14 de xullo de 2000.

Por outra parte, na tramitación do procedemento déuselles audiencia ó Consello de Consumidores e Usuarios e ás asociacións empresariais relacionadas co sector.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Medio Ambiente e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2002,

DISPÓNDO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto garantir que se lles proporcione ós consumidores información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, para que os consumidores poidan elixir con fundamento.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Turismo: calquera vehículo de motor da categoría M1 definido no anexo II da Directiva 70/156/CEE e que corresponda ó ámbito de aplicación da Directiva 80/1268/CEE. Quedarán excluídos os vehículos incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 92/61/CEE e os vehículos especiais definidos no inciso do parágrafo a) do número 1 do artigo 4 da Directiva 70/156/CEE.

b) Turismo novo: calquera automóbil de turismo que non se lle vendese previamente a unha persoa que o comprase cunha finalidade que non sexa a de vendelo ou subministralo.

c) Certificado de conformidade: o certificado a que se refire o artigo 6 da Directiva 70/156/CEE.

d) Punto de venda: un lugar, como un local de exposición de automóviles ou un espazo aberto no que se expoñan turismos novos ou se ofrezan á venda ou en arrendamento financeiro. Inclúense na definición as feiras comerciais, onde se presenten turismos novos.

e) Consumo oficial de combustible: o consumo de combustible homologado pola autoridade responsable da homologación segundo o disposto na Directiva 80/1268/CEE, e mencionado no anexo VIII da Directiva 70/156/CEE, e adxunto ó certificado de homologación CE ou que figure no certificado de conformidade. En caso de que se agrupen nun modelo distintas variantes ou versións, o valor dado ó consumo de combustible do modelo basearase na variante ou versión que teña o consumo oficial de combustible máis elevado dentro do grupo.

f) Emisións oficiais específicas de CO₂: dun turismo, as medidas de conformidade co disposto na Directiva 80/1268/CEE e definidas no anexo VIII da Directiva 70/156/CEE, que se adxunten ó certificado de homologación CE ou figuren no certificado de conformidade. En caso de que se agrupen nun modelo distintas variantes ou versións, os valores de CO₂ dados para o modelo basearanse na variante ou versión que teña as emisións oficiais de CO₂ máis elevadas dentro do grupo.

g) Etiqueta de consumo de combustible: a etiqueta que contén información ó consumidor sobre o consumo oficial de combustible e as emisións oficiais específicas de CO₂ do vehículo a que acompaña.

h) Guía do consumo de combustible: a recompilación dos datos oficiais de consumo de combustible e das emisións oficiais específicas de CO₂ para cada modelo dispoñible no mercado de turismos novos.

i) Impresos de promoción: o conxunto de impresos utilizados para a comercialización, publicidade e promoción de vehículos entre o público en xeral. Este concepto abrangue, como mínimo, os manuais técnicos, os folletos, os anuncios en xornais, as revistas, a prensa especializada e os carteis.

j) Marca: a denominación comercial do fabricante que aparece no certificado de conformidade e nos documentos de homologación.

k) Modelo: a descrición comercial da marca, tipo e, se é o caso, variante e versión do vehículo de turismo.

l) Tipo, variante e versión: os vehículos diferenciados dunha marca determinada declarados polo fabricante, conforme se define no anexo II.B da Directiva 70/156/CEE, e identificados distintivamente por caracteres alfanuméricos de tipo, variante e versión.

Artigo 3. *Etiqueta sobre consumo de combustible e emisións de CO₂.*

Será obrigatoria a colocación dunha etiqueta sobre consumo de combustible e emisións de CO₂, que responda ós requisitos descritos no anexo I.1 deste real decreto, de forma claramente visible en cada modelo de turismo novo. Complementariamente, con carácter voluntario, a etiqueta poderá responder ós requisitos que se recollen no anexo I.2 deste real decreto.

Artigo 4. *Guía de consumo de combustible e emisións de CO₂.*

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), en colaboración con fabricantes e importadores, elaborará o contido dunha guía de consumo de combustible e emisións de CO₂, como mínimo unha vez ó ano, conforme os requisitos do anexo II deste real decre-

to, que publicará na Internet. Os fabricantes e importadores facilitaránlle ó Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a información e as características técnicas dos turismos.

Artigo 5. *Posta á disposición dos consumidores da guía de consumo de combustible e emisións de CO₂.*

Ademais da información prevista no artigo 4 e a que faciliten as autoridades competentes, nos distintos puntos de venda terase á disposición dos consumidores, con carácter gratuíto, unha guía que, cos contidos expresados no artigo anterior, resulte compacta e manexable.

Artigo 6. *Cartel informativo.*

Os distintos puntos de venda deberán exhibir obrigatoriamente, para cada marca, un cartel informativo (ou alternativamente, un dispositivo de visualización), cunha lista dos datos oficiais relativos ó consumo de carburante e dos datos oficiais específicos relativos ás emisións de CO₂, para tódolos modelos de turismo novos presentados, postos en venda ou ofrecidos en arrendamento financeiro nun punto de venda ou por mediación dese punto de venda. Estes datos deberán colocarse nun lugar destacado e de acordo coa presentación descrita no anexo III.

Artigo 7. *Impresos de promoción.*

Os impresos de promoción utilizados para a comercialización, publicidade e promoción entre o público en xeral dos distintos modelos de turismos deberán incluí-los datos oficiais sobre consumo de combustible e específicos sobre emisións de CO₂ relativos a estes, de acordo cos requisitos do anexo IV.

Artigo 8. *Indicacións, símbolos ou inscricións.*

Prohíbese calquera indicación, símbolo ou inscrición nas etiquetas, guías, carteis ou impresos de promoción a que se refiren os artigos 3, 4, 5, 6 e 7, relacionados co consumo de combustible e as emisións de CO₂, que non responda ós requisitos deste real decreto, cando a súa presenza poida crear confusión ós clientes potenciais de turismos novos.

Artigo 9. *Autoridades competentes.*

O Ministerio de Sanidade e Consumo notificaralle á Comisión cáles son as autoridades competentes das distintas comunidades autónomas, logo de consulta a estas, que resulten responsables da aplicación e funcionamento do sistema de información ó consumidor que se establece neste real decreto.

Artigo 10. *Infraccións e sancións.*

A vixilancia e inspección de canto se establece neste real decreto e nas normas que o desenvolven realizarana os órganos competentes das distintas comunidades autónomas.

O incumprimento de calquera dos preceptos contidos nesta disposición considerarase infracción en materia de protección ó consumidor, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral de defensa dos consumidores e usuarios. A súa tipificación espe-

cífica recóllese nos artigos 3 e 5 do Real decreto 1945/1983, de 22 de xuño, que regula as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor ou na correspondente norma autonómica sobre a materia.

As infraccións a que se refire este real decreto serán sancionadas de acordo coa Lei 26/1984, do 19 de xullo, ou na correspondente norma autonómica.

Disposición adicional primeira. *Informe sobre a eficacia da norma.*

Os ministros de Ciencia e Tecnoloxía, Medio Ambiente e Sanidade e Consumo, contando coa colaboración das comunidades autónomas, elaborarán un informe sobre a eficacia das disposicións deste real decreto, que abranguerá o período do 18 de xaneiro de 2001 ata o 31 de decembro de 2002 e que lle será remitido á Comisión antes do 31 de decembro de 2003, a través da canle legalmente establecida.

Disposición adicional segunda. *Competencia.*

Este real decreto dítase ó abeiro das competencias exclusivas estatais, establecidas polo artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución Española en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición transitoria única. *Período transitorio.*

Ata o 30 de novembro de 2002 non serán esixibles os documentos e demais mecanismos de información que establece este real decreto, co obxecto de permitirla adaptación das empresas ás prescricións establecidas nel.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Sanidade e Consumo, de Medio Ambiente e de Ciencia e Tecnoloxía, no ámbito das súas competencias, para proceder mediante proposta conxunta á modificación e desenvolvemento dos anexos deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da etiqueta.*

Sen prexuízo da modificación deste real decreto, cando a Comunidade Europea proceda á modificación da Directiva 1999/94/CE, do 13 de decembro, os ministros de Sanidade e Consumo, de Ciencia e Tecnoloxía e de Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, unha vez transcorridos dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto e á luz da experiencia e dos resultados obtidos na súa aplicación, procederán, se é o caso, mediante proposta conxunta, á revisión do contido da etiqueta que se describe no anexo I deste.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 2 de agosto de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I.1

Descrición da etiqueta de consumo de combustible e de emisións de CO₂

1. As etiquetas de consumo de combustible e emisións de CO₂ en territorio español axustaranse ó seguinte modelo:

En tódolos puntos de venda pode obterse gratuitamente unha guía sobre o consumo de combustible e as emisións de CO₂ na que figuran os datos de tódolos modelos de automóbiles de turismos novos.

Marca/modelo:

Tipo de carburante:

CONSUMO OFICIAL (SEGUNDO O DISPOSTO NA DIRECTIVA 80/1268/CEE)	
Tipo de conducción	L/100 km
En cidade	
En estrada	
Media ponderada	
EMISIÓNS ESPECÍFICAS OFICIAIS DE CO ₂ (SEGUNDO O DISPOSTO NA DIRECTIVA 80/1268/CEE)	
g/km	

O consumo de combustible e as emisións de CO₂ non só dependen do rendemento do vehículo; tamén inflúen o comportamento ó volante e outros factores non técnicos. O CO₂ é o principal gas de efecto invernadoiro responsable do queentamento do planeta.

2. As etiquetas deberán cumprir como mínimo os seguintes requisitos:

1) Ser conformes ó formato normalizado con obxeco de permitir un mellor recoñecemento por parte dos consumidores.

2) Ter un tamaño de 297 mm × 210 mm (A4).

3) Facer referencia ó modelo e ó tipo de carburante do turismo ó que se destinen.

4) Facer referencia ó valor numérico do consumo oficial de carburante e das emisións específicas oficiais de CO₂. O valor do consumo oficial de carburante deberá expresarse en litros por cada 100 quilómetros (l/100 km), debendo redondearse a cifra correspondente a un decimal. As emisións específicas oficiais de CO₂ deberán expresarse redondeándoas á unidade máis próxima en gramos por quilómetro (g/km). O redondeo dos decimais de 5 realizarase por exceso.

5) Incluí-lo texto seguinte relativo á dispoñibilidade da guía sobre consumo de combustible e emisións de CO₂: «En tódolos puntos de venda pode obterse gratuitamente unha guía sobre o consumo de combustible e as emisións de CO₂ na que figuran os datos de tódolos modelos de automóbiles de turismo novos.»

6) Incluí-lo texto seguinte: «O consumo de combustible e as emisións de CO₂ non só dependen do rendemento do vehículo; tamén inflúen o comportamento ó volante e outros factores non técnicos. O CO₂ é o principal gas de efecto invernadoiro responsable do queentamento do planeta.»

ANEXO I.2

Descrición da etiqueta de consumo de combustible e de emisións de CO₂ de carácter voluntario

1. As etiquetas de consumo de combustible e emisións de CO₂, que se exhibirán con carácter voluntario en territorio español, axustaranse ó seguinte modelo, onde as letras A, B, C, D, E, F, G que se amosan baixo o epígrafe «comparativa de consumo», representan clases de eficiencia enerxética, tal como se definen no punto 4 deste anexo I.2.

Eficiencia enerxética

Marca	
Modelo	
Tipo de carburante	
Transmisión	
Consumo de carburante (litros por cada 100 quilómetros)	
Equivalencia (quilómetros por litro)	
Emisión de CO ₂ (gramos por quilómetro)	
Comparativa de consumo (coa media dos coches do seu mesmo tamaño á venda en España)	
Baixo consumo	
< -25%	A
-15-25%	B
-5-15%	C
media	D
+5-15%	E
+15-25%	F
>25%	G
Alto consumo	
	E +8,3%

*En tódolos puntos de venda pode obterse gratuitamente unha guía sobre o consumo de combustible e emisións de CO₂ na que figuran os datos de tódolos modelos de automóbiles de turismo novos.

*O consumo de combustible e as emisións de CO₂ non só dependen do rendemento do vehículo; tamén inflúen o comportamento ó volante e outros factores non técnicos. O CO₂ é o principal gas de efecto invernadoiro responsable do queentamento do planeta.

2. As etiquetas deberán cumprir como mínimo cos seguintes requisitos:

1) Ser conformes ó formato normalizado con obxeco de permitir un mellor coñecemento por parte dos consumidores.

2) Ter un tamaño de 297 mm × 210 mm (A4).

3) Facer referencia ó modelo e ó tipo de carburante do turismo ó que se destinen.

4) Facer referencia ó valor numérico do consumo oficial de carburante e das emisións específicas oficiais de CO₂. O valor do consumo oficial de carburante deberá expresarse en litros por cada 100 quilómetros (l/100 km), debendo redondearse a cifra correspondente a un decimal. As emisións específicas de CO₂ deberán expresarse redondeándoas á unidade máis próxima en gramos por quilómetro (g/km).

5) Incluí-lo texto seguinte relativo á dispoñibilidade dunha guía sobre consumo de combustible e emisións de CO₂: «En tódolos puntos de venda pode obterse gra-

tuitamente unha guía sobre o consumo de combustible e as emisións de CO₂ na que figuren os datos de tódolos modelos de automóbiles de turismo novos.»

6) Incluí-lo texto seguinte: «O consumo de combustible e as emisións de CO₂ non só dependen do rendemento do vehículo; tamén inflúen o comportamento ó volante e outros factores non técnicos. O CO₂ é o principal gas de efecto invernadoiro responsable do calentamento do planeta.»

3. Cores que deberán usarse na etiqueta:

CMYK: Cian, maxenta, amarelo, negro.

Exemplo: 07X0: 0 por 100 cian, 70 por 100 maxenta, 100 por 100 amarelo, 0 por 100 negro.

Frechas:

A: X0X0.

B: 70X0.

C: 30X0.

D: 00X0.

E: 03X0.

F: 07X0.

G: 0XX0.

Cor do contorno: X070.

Todo o resto está en negro. O fondo é branco.

4. Clases de eficiencia enerxética:

As clases de eficiencia enerxética estableceranse de acordo co seguinte cadro:

Clase de eficiencia (categoría da etiqueta)	Variación respecto á media do consumo dos turismos do seu mesmo tamaño (superficie)
A	Inferior ó 25 por 100.
B	Entre un 25 por 100 e un 15 por 100 menos.
C	Entre un 15 por 100 e un 5 por 100 menos.
D	Media: entre un 5 por 100 menos e un 5 por 100 máis.
E	Entre un 5 por 100 e un 15 por 100 máis.
F	Entre un 15 por 100 e un 25 por 100 máis.
G	Superior ó 25 por 100.

Nota:

Considérase como media de consumo dos turismos, a obtida pola seguinte ecuación, que relaciona consumo e superficie dos vehículos turismos:

Vehículos de gasolina:

Media de consumo = $a \times e^{(b \times S)}$. É dicir, a multiplicado por e elevado ó produto de b por S, sendo:

S, a superficie (en metros cadrados) calculada polo produto da lonxitude total, polo largo total dos turismos. e, número e = 2,7183.

a e b, son coeficientes de valores:

a = 2,366; b = 0,1751.

A media de consumo está expresada en litros por 100 quilómetros.

Vehículos de gasóleo:

Media de consumo = $a' \times e^{(b' \times S)}$. É dicir, a' multiplicado por e elevado ó produto de b' por S, sendo:

S, a superficie (en metros cadrados) calculada polo produto da lonxitude total, polo largo total dos turismos. e, número e = 2,7183.

a' e b', son coeficientes de valores:

a' = 1,786 ; b' = 0,1669.

A media de consumo está expresada en litros por 100 quilómetros.

A actualización das anteriores ecuacións e dos valores de a, a' e de b, b', realizarase, cando proceda, por resolución da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica.

ANEXO II

Descrición da guía de consumo de combustible e de emisións de CO₂

A guía de consumo de combustible e de emisións de CO₂ conterá, como mínimo, a información seguinte:

1. Unha lista, elaborada anualmente, de tódolos modelos de turismos novos postos en venda en territorio español, clasificados por marcas e por orde alfabética. En caso de que se actualice a guía máis dunha vez ó ano, esta deberá incluí-la lista de tódolos turismos novos existentes na data de publicación da actualización.

2. Para cada modelo que apareza na guía, o tipo de combustible, o valor numérico do consumo oficial de combustible e as emisións oficiais específicas de CO₂. O consumo oficial de combustible deberá expresarse en litros por cada 100 quilómetros (l/100 km), debendo redondearse a cifra correspondente a un decimal. As emisións específicas oficiais de CO₂ deberán expresarse redondeándoas con precisión dunha unidade en gramos por quilómetro (g/km). O redondeo dos decimais de 5 realizarase por exceso.

3. Unha lista destacada dos 10 modelos de turismos novos de maior eficacia enerxética ordenados de menor a maior emisión específica de CO₂ para cada tipo de combustible. Na lista deberá aparecer-lo modelo, o valor numérico do consumo oficial de combustible e das emisións específicas oficiais de CO₂.

4. Consellos ós usuarios de vehículos no sentido de que o uso correcto e o mantemento regular do vehículo, así como o modelo de conducir, con precaucións como as de non conducir de maneira agresiva, modera-la velocidade, preve-lo freado, mante-la presión correcta dos pneumáticos, reduci-los períodos de ralentí, evita-la sobrecarga do vehículo, etc., melloran o consumo de combustible e reducen as emisións de CO₂ do seu vehículo.

5. Unha explicación das consecuencias das emisións de gases de efecto invernadoiro, o risco de cambio climático e a influencia dos automóbiles, así como unha referencia ós distintos tipos de combustibles á disposición do consumidor e as súas repercusións no ambiente conforme a evidencia científica e os requisitos legislativos máis recentes.

6. Unha referencia ó obxectivo da Comunidade Europea sobre a media de emisións de CO₂ dos turismos novos e a data en que debe lograrse tal obxectivo.

7. Unha referencia á guía de consumo de combustible e emisións de CO₂ da Comisión Europea na Internet, cando estea dispoñible.

ANEXO III

Descrición do cartel que deberá exhibirse no punto de venda

O cartel responderá, como mínimo, ós requisitos seguintes:

1. Ter un tamaño mínimo de 70 × 50 cm.
2. A información deberá ser de fácil lectura.
3. Os modelos de turismos deberán agruparse e incluírse en listas á parte segundo o tipo de combustible (por exemplo, gasolina ou gasóleo). Dentro de cada tipo de combustible, os modelos deberán figurar por orde crecente de emisións de CO₂, de forma que o modelo que oficialmente consuma menos combustible apareza no primeiro lugar da lista.
4. Para cada modelo de turismo da lista deberá precisarse a marca, o consumo oficial de combustible e as emisións específicas oficiais de CO₂. O consumo oficial de combustible deberá expresarse en litros por cada 100 quilómetros (l/100 km), debendo redondearse a cifra correspondente a un decimal. As emisións específicas oficiais de CO₂ deberán expresarse redondeándose con precisión dunha unidade en gramos por quilómetro (g/km).

A lista deberá obedecer ó seguinte formato:

Tipo de combustible	Clasificación	Modelo	Emisións de CO ₂	Consumo de combustible
Gasolina.	1			
	2			
	—			
Gasóleo.	1			
	2			
	—			

5. Incluí-lo seguinte texto en relación coa dispoñibilidade da guía de consumo de combustible e emisións de CO₂: «En tódolos puntos de venda pode obterse gratuitamente unha guía sobre o consumo de combustible e as emisións de CO₂, na que figuran os datos de tódolos modelos de automóbiles de turismo novos.»

6. Incluí-lo texto seguinte: «O consumo de combustible e as emisións de CO₂ non só dependen do rendemento do vehículo, inflúen tamén o comportamento ó volante e outros factores non técnicos. O CO₂ é o principal gas de efecto invernadoiro responsable do quentamento do planeta.»

7. Actualizarse totalmente polo menos cada seis meses. No intervalo entre dúas actualizacións, os vehículos novos engadiranse ó final da lista.

ANEXO IV

Subministración de datos de consumo de combustible e de emisións de CO₂ nos impresos de promoción

Os impresos de promoción deberán incluí-los datos do consumo oficial de combustible e das emisións específicas oficiais de CO₂ dos vehículos a que se refiran. Esta información deberá, como mínimo, responder ós seguintes requisitos:

1. Ser de fácil lectura e polo menos tan visible como a información principal que se recolle nos impresos de promoción.
2. Ser facilmente comprensible, mesmo tras unha lectura superficial.
3. Deberán subministrarse os datos relativos ó consumo oficial de combustible de tódolos modelos do vehículo ós que se refiran os impresos de promoción. Se se especificase máis dun modelo, poderán incluírse os datos do consumo oficial de combustible de tódolos modelos especificados ou o intervalo entre o valor de consumo de combustible máis elevado e o menos elevado. O consumo de combustible expresarase en litros por cada 100 quilómetros (l/100 km). Tódolos datos numéricos deberán expresarse con precisión dun decimal.

Se os impresos de promoción mencionan unicamente a marca e non fan referencia a ningún modelo concreto, non será preciso subministrar datos sobre o consumo de combustible.

MINISTERIO DE FOMENTO

15887 REAL DECRETO 642/2002, do 5 de xullo, polo que se aproba a «Instrucción para o proxecto e a execución de forxados unidireccionais de formigón estrutural realizados con elementos prefabricados (EFHE)». («BOE» 187, do 6-8-2002.)

A «Instrucción para o proxecto e a execución de forxados unidireccionais de formigón armado ou pretensado (EF-96)» foi aprobada polo Real decreto 2608/1996, do 20 de decembro.

A Comisión Permanente do Formigón, de carácter interministerial, creada polo Decreto 2987/1968, do 20 de setembro, e reestructurada polo Real decreto 1177/1992, do 2 de outubro, considerou necesario proceder á revisión da citada Instrucción, e isto cunha dobre finalidade; por unha banda, para adecuala ó prescrito na Instrucción de Formigón Estructural, aprobada polo Real decreto 2661/1998, do 11 de decembro e, pola outra, para actualizala en relación coas novas tecnoloxías constructivas e coa experiencia adquirida no período de vixencia da EF-96.

Na súa virtude, por iniciativa da Comisión Permanente do Formigón, cumpridos os trámites establecidos na Lei 50/1997, do Goberno, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, e a Directiva 98/34/CE, do Parlamento